

Universidade de Vigo

RESOLUCIÓN REITORAL DO 13 DE XANEIRO DE 2011
DA UNIVERSIDADE DE VIGO POLA QUE SE RESOLVE
A CONCESIÓN DA ACHEGA COMPLEMENTARIA DO
MINISTERIO DE EDUCACIÓN DESTINADA AOS
BOLEIROS/SAS ERASMUS DO CURSO 2010-11

Co obxecto de cumprir o financiamento das axudas achegadas pola Unión Europea no marco do Programa de Aprendizaxe Permanente destinadas aos/as estudantes seleccionados/as para gozar dunha bolsa Erasmus no curso 2010-11, o Ministerio de Educación pública a orden EDU/2741/2010 de 13 de outubro de bases reguladoras da achega complementaria ás universidades e institucións de ensino superior para o desenvolvemento do programa Erasmus.

Na Resolución de 17 de novembro de 2010, a *Secretaría General de Universidades* concedeu á Universidade de Vigo un importe de 825.600 euros.

En virtude desta resolución, esta Reitoría

RESOLVE:

- A duración das estadias financiadas con cargo a estes fondos non supera os 8 meses, como estipula o artigo 7 da orde EDU/2741/2010.
- Conceder unha axuda complementaria mínima de 172 euros por mes de estadia a todos/as os/as bolseiros/sas Erasmus do curso 2010-11.
- A axuda complementaria aboarase en dous pagamentos con cargo á partida orzamentaria ORI1211IDERRA492:

Universidade de Vigo - Revisor Xeral Saída Nº. 201100000674 13/01/2011 13:22:20
--

- o Un primeiro pagamento de 150 euros por mes de estadia. Aboarase a todos/as os/as bolseiros/sas tras o envío á Oficina de Relacións Internacionais do certificado de chegada, documento solicitado coa convocatoria Erasmus 2010-11.
- o Segundo pagamento polo importe restante en función do número de meses totais de estadia que os estudantes deberán xustificar co certificado de fin de estadia, documento solicitado coa convocatoria Erasmus 2010-11.
- o Realizarase un único pagamento polo importe do total da bolsa se no momento de ordear o primeiro pagamento o/a estudante xa rematou a súa estadia como Erasmus.
- No caso o de que non se leve a cabo a estadia ou parte dela, sen causa xustificada, ou non se entregue a documentación solicitada, o/a bolseiro/a deberá devolver a conta íntegra ou parcial da bolsa. A Universidade de Vigo reservase o dereito a reclamar o importe da axuda polo incumprimento das bases desta norma.


- Non se garante o pagamento íntegro das axudas aos/sas estudantes que solicitaron prórroga da súa estadia na universidade de destino ao longo do curso 2010-11.

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, o interesado poderá optar por interpoñer conta esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a dicitou. Neste caso non caberá a interposición do recurso contencioso-administrativo antes citado, namentres non recaía resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O REITOR

Por Delegación (R.R. do 22/06/2010)
O vicerreitor de Relacións Interacionais



Manuel J. Fernández Iglesias

DILIXENCIA para facer constar que esta Resolución publícase con esta data no taboleiro desta Universidade.
Vigo, 13 de xaneiro de 2011

A secretaria de vicerreitor de Relacións Interacionais
Hezari Quintas Salgado